



DATOS IDENTIFICATIVOS

Economía industrial

Materia	Economía industrial			
Código	V03G100V01603			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas			
Coordinador/a	Castro Rodríguez, Fidel			
Profesorado	Castro Rodríguez, Fidel			
Correo-e	fcastro@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	A Economía Industrial ocúpase de analizar o funcionamento dos mercados non competitivos, estudando as políticas das empresas perante as súas rivais e os consumidores. As súas interrogantes básicas son: existe poder de mercado, cáles son as consecuencias da existencia de poder de mercado, e qué pode e debe facer o Estado cando existe poder de mercado. Nesta materia presentaránse dun xeito formal as aportacións que se teñen producido nos últimos anos en resposta a estas cuestións.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Comprender as ferramentas matemáticas básicas, necesarias para a formalización do comportamento económico
A2	Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas
A4	Capacidade para situar a economía na súa evolución histórica
A5	Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos
A6	Adquirir coñecementos de Análise económica
B1	Respecto aos valores éticos e cívicos. Compromiso ético co traballo
B2	Desenvolver sensibilidade respecto ao medio ambiente e compromiso cunha economía sustentable
B3	Capacidade de traballar en equipo
B4	Espírito emprendedor e capacidade de liderado, incluíndo empatía co resto de persoas
B5	Responsabilidade e capacidade de asumir compromisos
B6	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Habilidade para utilizar a teoría de xogos como instrumento para analizar a toma de decisións dos axentes económicos en contextos de interacción estratéxica.	A1	B1
Capacidade para abordar a análise de mercados nos que as empresas teñen poder de mercado, identificando os factores que favorecen a súa existencia e a súa persistencia no tempo.	A2 A5	B1 B2 B4
Habilidade para propoñer e resolver modelos teóricos complexos, así como interpretar os resultados e propoñer recomendacións de política económica, especialmente en política de competencia.	A2 A4 A5	B4 B5
Capacidade para formular preguntas interesantes en economía industrial, e formalizar e seleccionar os instrumentos de análise necesarios para respondelas.	A4 A5 A6	B3 B4 B5 B6

Contidos

Tema

1. Introducción	1.1 Concepto, método e obxectivo da economía industrial 1.2 Paradigma Estructura-Conducta-Resultados 1.3 Estructura de mercado: definición e medidas de concentración
2. Comportamento estratéxico e teoría de xogos estáticos	2.1 Xogos en forma normal e en forma extensiva. 2.2 Estratexia estrictamente dominada. 2.3 Eliminación iterativa de estratexias estrictamente dominadas 2.4 Equilibrio de Nash
3. Modelos estáticos de oligopolio	3.1 Modelo de Cournot: resolución e propiedades 3.2 Modelo de Bertrand: a paradoxa de Bertrand 3.3 Cournot versus Bertrand
4. Comportamento estratéxico e teoría de xogos dinámicos	4.1 Xogos dinámicos con información completa e perfecta. Inducción hacia atrás. 4.2 Xogos dinámicos con información completa pero imperfecta. Perfección en subxogos. 4.3. Xogos repetidos. O teorema de tradición oral.
5. Restricións de capacidade	5.1 Rendimentos decrecentes e restricións de capacidade 5.2 Regras de racionamento 5.3 Prezos de equilibrio con restricións de capacidade
6. Competencia dinámica e colusión tácita	6.1 Interacción repetida e colusión tácita 6.2 Colusión e concentración 6.3 Outros factores que facilitan a colusión
7. Diferenciación de produto	7.1 Conceptos básicos 7.2 Competencia monopolística 7.3 Competencia en localización
8. Entrada e barreiras a entrada	8.1 Conceptos básicos 8.2 Teoría do prezo límite 8.3 Capacidade como barreira de entrada

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	10	20	30
Presentacións/exposicións	4	10	14
Sesión maxistral	30	36	66
Probas de tipo test	2	10	12
Probas de resposta curta	4	24	28

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	As clases prácticas consistirán na resolución de follas de exercicios referidas a cada un dos temas, as cales serán repartidas con antelación.
Presentacións/exposicións	O obxectivo desta actividade é coñecer un pouco máis un sector ou mercado específico, que sirva como complemento dos contidos teóricos que se aprenden na materia. En última instancia, trátase de que, a través da análise duna industria concreta, podase planear e reflexionar sobre diferentes cuestións económicas referidas ao poder de mercado e os seus efectos.
Sesión maxistral	Exporase de maneira resumida os principais contidos dos distintos temas. Para un adecuado seguimento e comprensión destas clases é necesario que os alumnos preparen con antelación os distintos temas utilizando os manuais da bibliografía recomendada.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Consulta no despacho 308 no horario de titorías Consulta por correo electrónico: fcastro@uvigo.es Consulta na plataforma FAITIC
Resolución de problemas e/ou exercicios	Consulta no despacho 308 no horario de titorías Consulta por correo electrónico: fcastro@uvigo.es Consulta na plataforma FAITIC
Presentacións/exposicións	Consulta no despacho 308 no horario de titorías Consulta por correo electrónico: fcastro@uvigo.es Consulta na plataforma FAITIC
Probas	Descrición
Probas de tipo test	Consulta no despacho 308 no horario de titorías Consulta por correo electrónico: fcastro@uvigo.es Consulta na plataforma FAITIC
Probas de resposta curta	Consulta no despacho 308 no horario de titorías Consulta por correo electrónico: fcastro@uvigo.es Consulta na plataforma FAITIC

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba na que o alumno debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condicións establecido/as polo profesor. Desta maneira, o alumno debe aplicar os coñecementos que adquiriu.	5
Presentacións/exposicións	Análise dunha industria concreta na que se estudie e reflexione sobre diferentes cuestións económicas referidas ao poder de mercado e os seus efectos.	15
Probas de tipo test	Probas de elección múltiple sobre cuestións teóricas e prácticas de materia.	20
Probas de resposta curta	Probas que constan de dúas partes, unha con preguntas teóricas para respostar de maneira breve, e outra con exercicios a resolver similares aos resoltos durante o curso.	60

Outros comentarios sobre a Avaliación

Consta de dous elementos:

I. Avaliación continua (ata 4 puntos): Esta inclúe:

1. Entrega das follas de exercicios e asistencia as clases prácticas (0,5 puntos).
2. Desenvolvemento do traballo de curso e presentación (1,5 puntos).
3. Probas tipo test. Realizaranse 2 probas tipo test (2 puntos)

II: Probas: Realizaranse 2 probas (ata 6 puntos):

1. Exame parcial co contido teórico e práctico dos temas 1 a 4. Os alumnos que teñan superado o exame parcial (para o cal é necesario ter acadado unha cualificación igual ou superior a 3 dos 6 puntos do exame) solo terán que examinarse da parte correspondente aos temas 5 a 8. Os alumnos que non superen o exame parcial terán que examinarse de toda a materia no exame final.

2. Exame final: constará de 2 partes (a primeira corresponderá aos temas 1 a 4, e a segunda aos temas 5 a 8), cada unha delas valorada sobre 6. Para poder aprobar a materia será preciso obter un mínimo de 2 dos 6 puntos en cada unha das partes. Neste caso a nota do exame será obtida como media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes.

Observación: A nota final resulta da suma dos elementos de avaliación sinalados. Nembargantes, a puntuación do exame sómente será tida en conta cando o alumno obteña unha nota de exame igual ou superior a 2 dos 6 puntos. En caso contrario a nota será igual a puntuación obtida na avaliación continua. Pola súa banda, a cualificación dos alumnos que non se presenten ao exame será a acadada na avaliación continua.

Para superar a materia o alumno deberá obter unha nota final igual ou superior a 5 puntos.

Convocatoria de exames curso 2014-15. 1ª conv.: 18-maio, 16 h; 2ª conv.: 1-xullo, 16 h.

Bibliografía. Fontes de información

Básica:

Bel, G., M. Callejón, M.T. Costa y A. Segarra, Economía Industrial, Civitas, 2001.

Cabral, L. , Economía Industrial, McGraw-Hill, 1997.

Tirole, J., La Teoría de la Organización Industrial, Ariel, 1990.

Complementaria:

Church, J. y R. Ware, Industrial Organization: A Strategic Approach, Irwin-McGraw-Hill,1999.

Fernández de Castro, J. y N. Duch , Economía Industrial, McGraw-Hill, 2003.

Pepall, L., D.J. Richards y G. Norman, Industrial Organization. Contemporary Theory & Practice, Thomson, 2005.

Segura, J., Teoría de la Economía Industrial, Civitas, 1993

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Matemáticas: Matemáticas I/V03G100V01104

Matemáticas II/V03G100V01303

Microeconomía I/V03G100V01304

Microeconomía II/V03G100V01404
